

DATA

21-22/09/2013

ACTIVIDADE

ACTIVIDADE INFANTIL - XUVENIL

LUGAR

PONTEAREAS

NOVAS

16 participantes de Xistra.

Publicado el [octubre 10, 2013](#) por [HFC](#)



Interesante actividade infantil e xuvenil celebrada na Freixa (Ponteareas).

Podedes ver unha ampla noticia na web da FGM mediante este [enlace](#).

# GRAN PARTICIPACIÓN NO CAMPAMENTO INFANTIL-XUVENIL DA F.-G.M. EN A FREIXA-MONDARIZ


By [FGM](#) | Published [septiembre 24, 2013](#)

O pasado fin de semana celebrouse o Campamento e Marcha Infantil-Xuvenil da F.G.M., nesta ocasión a actividade contou cunha excelente organización a cargo do Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia de Vigo. No camping de A Freixa deronse cita un centenar de montañeiros federados pertencentes as entidades de montaña Club Montañeiros Celtas, Clube de Montaña Xistra, Club Alpino Universitario e por suposto o Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia.



O tratarse dunha actividade centrada nos máis pequenos o sábado dominaron os xogos dos cativos e a chocolatada pola noite. As propostas dos monitores foron seguidas en todo momento polos nenos.

O domingo tivo lugar a Marcha Infantil-Xuvenil na que participaron tamén gran número de pais e monitores que desenrolouse con calor nun itinerario que polo río Tea unía A Freixa e Salvaterra do Miño.



No peche da actividade fixose unha entrega de agasallos os nenos e un sorteo de material deportivo que fixo as delicias dos cativos.